

Dos arquivos de Rafael Dieste

Xosé Luís Axeitos

Un inédito de Rafael Dieste para conmemorar o centenario do seu nacemento

O día 29 de xaneiro de 1899, segundo reza a correspondente acta de nacemento, “nació vivo en la casa del declarante”, Rafael, Francisco, Antonio, Olegario, Juan, máis coñecido na actualidade como Rafael Dieste. Cando faltan, xa que logo, poucos días para que academos a emblemática data do centenario do nacemento do noso escritor, esta sección epistolar do *Boletín Galego de Literatura*, que leva homenaxeando a Dieste dende maio de 1991, máis alá de fastos e festexos oficiais, vai mudar de discurso. Deixa os textos epistolares con destinatario único para achegarse –cunha peciña breve, silenciosa– a esa “inmensa minoría” que son os lectores.

Entre os textos aínda inéditos do escritor rianxeiro figura esta xoia primeiriza atopada entre os papeis de *Roxerius* –pseudónimo de Roxelio Pérez González, curmán do poeta Manuel Antonio e amigo da infancia de Rafael– pero que esta cativa homenaxe recupera como documento para os arquivos de Dieste.

Dende adolescente sentiu Rafael Dieste a música como proxecto harmonizador e explicativo dos problemas humanos. Así o ten expresado en conferencias, cartas e relatos. E, a maior abundamento, ese piano que sempre estivo presente nos múltiples fogares do obrigado exilio e segue a ser testemuña muda, hoxe en día, na casa familiar rianxeira.

De calquera xeito este brevísimo texto parece ilustrar a súa poética especulativa e dual na que, coincidindo con Manuel Antonio, a vida parece someterse ás necesidades da arte.

O fin do mundo

Un día a gran orquesta do mundo escomenzou a se ensarillar en discrepancias arreloadas, con picos firentes de estridencias insomisas, e houbo que calar para empezar de novo.

Todo calou e houbo en todol-os ámpitos un silencio asombrado, de luces amortecidas e rechouchíos atafegados. De súpito chegou o intre de escomenzar. ¿Cal iba ser o primeiro acorde? ¿De onde iba xurdir a punta do fío melódico? Houbo un medo grande, grande. Houbo tamén unha ledicia como non houbera endexamais.

A orquesta non se estreveu a esnaquizar aquel silencio e o mundo calou para sempre.

Rafael Dieste

*Xosé Luís Axeitos
I.B. Rafael Dieste
A Coruña*